

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

DOC. 01

IES. NOSA SRA. DOS OLLOS GRANDES

LUGO

1. Contorno do centro

1.1 O instituto

O IES. Nosa Sra. dos Ollos Grandes está situado na zona urbano da cidade LUGO, moi próximo ao casco histórico, nunha ampla avenida que foi o principal polo de expansión da cidade a mediados do século pasado.

Anteriormente chamado Instituto Nacional de Enseñanza Media de Lugo, en 1941 pasou a ser centro de ensinanza feminina de Lugo denominándose oficialmente Instituto Nacional Femenino de Enseñanza Media no curso 1955-56, logo se lle engadiría o nome de Nuestra Señora de los Ojos Grandes.

No curso 1958-59 inagúrase o edificio actual e no ano 1984 pasa a ser Instituto de Bachillerato e empieza a acoller tamén alumnos.

Na actualidade este instituto conta con case 800 alumnos aproximadamente repartidos entre a ESO e o BAC, 74 profesores/as e 11 membros de persoal de servizos (persoal de oficinas, conserxes, coidadora e persoal de limpeza)

O alumnado procede da propia cidade de Lugo e das poboacións de Portomarín e Nadela, onde se atopan os centros adscritos, ademais da ANEXA.

O alumnado procede na súa meirande parte dos centros adscritos: CEIP Anexa, CEIP Manuela Mallo de NADELA e CEIP Virxe da Luz de PORTOMARIN, o primeiro localizado a escasos metros do instituto e os outros dous situados na zona rural.

O resto do alumnado, preferentemente o alumnado de Bacharelato, procede dos centros concertados situados na contorna do IES Nosa Sra. dos Ollos Grandes (Maristas, Franciscanos, Salesianos, principalmente).

1.2 A cidade e o seu entorno

Lugo é unha cidade e concello de Galicia, capital da provincia de Lugo. Fundada no ano 25 a.C. por Paulo Fabio Máximo, é unha cidade de orixe romana e a máis antiga de Galicia. Construída nas proximidades dun castro, na época romana recibiu o nome de Lucus Augusti. Son testemuña dos seus primeiros anos de historia os numerosos restos romanos, moitos deles conservados no Museo Provincial, e sobre todo a Muralla Romana, única no mundo que conserva todo o seu perímetro e declarada Patrimonio da Humanidade no ano 2000.

Xeograficamente, a cidade atópase situada nun outeiro, nas terras do Alto Miño, e circundada polo propio río Miño, ademais doutros máis pequenos como o Mera.

Lugo é unha cidade comercial e de servizos, cun campus universitario especializado en Ciencias Agraria.

O concello de Lugo é o segundo máis extenso do país, con 329,78 km² e 59 parroquias.

A poboación da cidade no ano 2015 era de 98.134 habitantes.

Censo total 2015	98.134 habitantes
Menores de 15 anos	13.628 (13.89 %)
Entre 15 e 64 anos	64.299 (65.52 %)
Maiores de 65 anos	20.207 (20.59 %)

En canto á distribución por sexos no ano 2009 o 53,28% da poboación (51.513) son mulleres e o restante 46,72% (45.165) homes. No tocante ao lugar de nacemento, dos 96.678 habitantes cos que conta a cidade, 82.147 (85%) naceron en Galicia. Da restante poboación, 7.265 (7,5%) proceden do resto da Unión Europea, habendo outros 57 da Europa non comunitaria (destacando 25 ucraínos e 15 rusos). Do resto de continentes, o que máis habitantes achega á cidade é América, con 3.105 (3,1%), destacando Brasil; 705 proceden de África, principalmente de Marrocos; 179 de Asia (dos cales 102 son chineses) e un de Oceanía.

Lugo é unha cidade de servizos. As principais actividades son as comerciais, a administración (delegacións da Xunta, de organismos estatais...) e servizos sanitarios e educativos. O incremento constante da poboación da cidade fai da construción un dos principais sectores económicos do municipio. A industria é moi escasa e dedícase case en exclusiva á transformación de produtos agrícolas (lácteas, cárnicas, madeira...). A reducida presenza de industrias, a ausencia de medianas e grandes empresas e certo estancamento económico fan de Lugo unha das cidades menos desenvolvidas de Galicia. Porén, estase a converter nun importante núcleo comercial e de servizos.

Un dos polos económicos máis importantes da cidade é o campus universitario, pertencente á Universidade de Santiago de Compostela, especializado en Ciencias Agrarias, o que converte á cidade nunha das urbes universitarias máis importantes de Galicia, só superada por Santiago de Compostela. Así, o campus está composto por seis facultades, todas situadas no barrio de Acea de Olga ás beiras do Miño, agás a Facultade de Formación do Profesorado que se atopa no centro da cidade. Os outros cinco centros son a Facultade de Administración e Dirección de Empresas; a Facultade de Ciencias (con carreiras enfocadas á enxeñaría química e á nutrición); a Facultade de Humanidades; a Facultade de Veterinaria e a Escola Politécnica Superior, que oferta as enxeñerías agrícola, forestal, civil e topografía. Ademais están adscritas á Universidade as escolas de Relacións Laborais e Enfermaría.

En canto ao sector turístico está a gañar grande importancia dentro da economía da cidade así, nos últimos anos aumentou en máis dun 425 por cento o número de visitantes. Neste aumento da cantidade de turistas comezou co nomeamento da Muralla como Patrimonio da Humanidade.

2 Centros adscritos

O centro conta con tres centros adscritos, un de natureza urbana e dous no entorno rural:

2.1 CEIP Anexa (Lugo)

Centro de Educación Infantil e Primaria, situado a corón do IES, conta con seis unidades de educación infantil (dúas liñas) e doce de primaria (dúas liñas), cun total de 450.

É o principal proveedor de alumnado do centro en primeiro da ESO, con en torno a cincuenta alumnos procedentes do mesmo.

Centro de contorna urbana cunhas familias de características socioeconómicas similares ás do IES.

2.2 CEIP Plurilingüe Virxe da Luz (Portomarín)

Situado no concello de Portomarín, abrangue unha área de natureza rural cun peso crecente do sector servizos vinculado ao Camiño de Santiago, importante recurso económico da zona.

Conta cunha unha liña de educación infantil e unha de educación primaria, e un número reducido de alumnos consecuencia do proceso de envellecemento poboacional e abandono do medio rural.

2.3. CEIP Manuel Mallo Malo (Nadela)

Centro pertencente ao concello de Lugo, pero situado no extrarradio, cunha poboación semiurbana con familias que viven na zona pero traballan na vial e algunhas con explotacións agrarias.

Conta con unha liña de educación infantil e unha de educación primaria. O número de alumnos é reducido.

3. Familias. Alumnado

3.1 Alumnado: características

3.1.1 Socio-culturais

O centro conta cun alumnado que, na súa inmensa maioría, procede do entorno do centro, excepto un pequeno grupo que non chega ao 10% procedente da zona rural da cidade e do concello de Portomarín.

3.1.2 Económicas

A maior parte do alumnado pertence a familias cun status socioeconómico e cultural medio alto (empregados do sector servizos, funcionarios e profesións liberais), sendo moi escaso o vinculado ao sector primario.

3.1.3 Linguísticas

Está configurado por unha poboación maioritaria, en torno ao 70%, que usa o castelán como idioma habitual e que tamén posúe competencia

verbal e escrita para expresarse en lingua galega; e un 30% da poboación que usa o galego como lingua vehicular é que posúe unha competencia similar en castelá.

4. Sinais de identidade.

4.1 Neutralidade

O Centro, como parte do Sistema Público baseado no pluralismo, a liberdade ideolóxica e relixiosa dos individuos e a aconfesionalidade do Estado, será ideoloxicamente neutral. Esta neutralidade impón a todos os docentes e membros da Comunidade Educativa a renuncia a calquera forma de adoutramento ideolóxico.

Ningunha autoridade do Centro imporá unha orientación ideolóxica que implique un enfoque determinado en ningún dos ámbitos da docencia, posto que a organización das ensinanzas recoñece o dereito dos pais e nais a elixir para os seus fillos a organización relixiosa e moral que estea de acordo coas súas propias conviccións. O Instituto será aconfesional respecto a todas as relixións. Será norma e actitude de todos os integrantes da Comunidade Educativa o respecto a todas as crenzas.

4.2 Pluralismo

A partir do recoñecemento do pluralismo ideolóxico e político como valor fundamental e requisito dun sistema democrático, o Centro garantirá a liberdade de conciencia e a de pensamento, o dereito a unha información veraz e o respecto mutuo en canto a opinións. Ninguén poderá ser obrigado a declarar ou manifestarse sobre a súa ideoloxía, relixión ou crenzas.

4.3 Liberdade

Tanto o labor educativa do Instituto como a convivencia no mesmo, desenvolverase nun marco de respecto á liberdade de todos os seus membros. Esta liberdade debe ser entendida como unha proxección da liberdade ideolóxica e relixiosa e do dereito a expresar e difundir libremente pensamentos, ideas ou opinións.

A protección das liberdades públicas e dereitos fundamentais deberá entenderse de acordo coa Declaración dos Dereitos Humanos, tal e como dispón a Constitución Española no seu Art. 10. Tendo en conta que a ensinanza é unha actividade sistemática e continuada, garantirase o dereito dos que leven a cabo o labor docente a desenvolverlo con liberdade, orientando a súa actividade cara o pleno desenrolo da personalidade humana, no respecto aos principios democráticos de convivencia e aos dereitos e liberdades fundamentais.

O Centro garantirá a liberdade de cátedra do profesor, que lle faculta para desenvolver a súa actividade nos termos que el considere máis acaídos, con arreglo a criterios serios e obxectivos, sen converterse en apoloxista de ideario algún nin transformar a súa ensinanza en propaganda ou adoutramento, subordinando a elo as exixencias que o rigor científico impón a seu labor.

A defensa da liberdade implica o recoñecemento do individuo para elixir entre as diversas opcións vitais que se lle presenten, de acordo cos seus propios intereses e preferencias.

4.4. Tolerancia e dignidade

O Instituto considerará valores fundamentais para o desenvolvemento das súas actividades a liberdade, a xustiza, o pluralismo, o respecto á dignidade humana, a ausencia de discriminación e a tolerancia.

Consideramos a dignidade coma un valor espiritual e moral inherente á persoa, que se manifesta singularmente na autodeterminación consciente e responsable da propia vida, e que leva consigo o mesmo recoñecemento para os demais e a exixencia do respecto mutuo.

Garantírase o dereito ao honor e á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe. O coñecemento que de datos persoais ou familiares tivera calquera membro da Comunidade Educativa só poderá ser efectivo en tanto en canto poidan afectar ao proceso educativo, e coas oportunas cautelas e reservas.

4.5. Igualdade

O Centro garantizará o dereito de todos a recibir un trato igual, sen que poidan establecerse diferenzas por razóns de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social que implique discriminación. Nas situacións nas que sexa procedente un trato diferenciado, este realizarase coa finalidade de corrixir desigualdades persoais de feito, que dificultan a aprendizaxe, atendendo sempre á diversidade de intereses, motivacións e capacidades do alumnado. En ningún caso devandito trato pode atentar contra as liberdades e dereitos recoñecidos constitucionalmente.

O dereito subxectivo a obter un mesmo trato implica a obrigaón de levalo a cabo sen diferenzas, a menos que estas estean fundadas na necesidade de corrixir discriminacións previas.

Especialmente relevante neste éido é a igualdade entre sexos, sendo compromiso do centro asumir as directrices recollidas nos artigos 17, 18 e 19 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade

4.6 Capacidades e hábitos

A actividade educativa e docente terá como obxectivos desenvolver no alumnado o afán de coñecemento, a capacidade de análise da realidade, a procura de informacións obxectivas, a valoración das diversas perspectivas, o espírito crítico e reflexivo, a capacidade de decisión e a aprendizaxe da sistematización científica.

Xunto á adquisición de hábitos intelectuais que compaxinen o afondamento coa globalización dos coñecementos, insistírase na formación dunha actitude de formación permanente que lles permita achegarse progresivamente ao recoñecemento da realidade coa súa complexidade e cambios e así adoptar posturas conscientes e libres.

Promoveranse hábitos de orde, respecto e bo trato, a través do coñecemento e posta en práctica das normas sociais adaptadas convenientemente, como parte dun ambiente propicio para o estudo, a educación e a convivencia. O bo uso e coidado do material común, así como o respecto a bens e pertenzas dos demais, formarán parte destas normas de convivencia. A colaboración na aprendizaxe, a axuda mutua

e a participación en traballos comúns, fomentarán unha actitude cooperativa e solidaria fronte ao exceso de competitividade.

4.7 Paz e solidariedade

Para lograr no alumnado unha formación positiva fronte a paz e a solidariedade profundarase no coñecemento da realidade social do mundo, coas súas diferenzas, carencias e situacións inxustas, así como nas causas e orixes das mesmas.

Fomentarse a participación en campañas de sensibilización sobre a cooperación cos países en desenvolvemento, así como a formación de hábitos de solidariedade a partir das necesidades máis próximas

4.8 Internacionalización

O centro fomentará un enfoque internacional da actividade educativa, tanto no desenvolvemento do currículo como no desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares, potenciando as segundas linguas estranxeiras e os intercambios lingüísticos e culturais a fin de garantir un pleno adquisición da cidadanía europea e o afondamento no desenvolvemento da competencia social e cívica así como da conciencia e expresión cultural dos membros da comunidade educativa.

Actualmente impártense no centro un ciclo formativo superior de carácter plurilingüe e un número variable de seccións bilingües tanto na ESO como no bacharelato. Todos eles teñen como referencia a lingua inglesa. O centro oferta tamén tres segundas linguas estranxeiras (francés, alemán e portugués) realizando viaxes e intercambios anuais co alumnado a estes tres países.

Así mesmo, de xeito habitual participase en proxectos internacionais apoiados con financiación europea no marco do programa ERASMUS+. Estas actividades van dirixidas á formación de profesores, ao alumando de secundaria e ao desenvolvemento de prácticas no estranxeiro do alumnado do ciclo formativo.

4.9 Tecnoloxías de Información e Comunicación

A omnipresencia das novas tecnoloxías nun eido crecente da actividade humán determina que a aprendizaxe do seu uso así como dos coñecementos, destrezas e atitudes asociadas ás mesmas, sexa un aspecto moi importante no proceso de formación das persoas así como na xestión educativa.

O IES Nosa Señora dos Ollos Grandes asume a necesidade de impulsar de xeito decidido e ordenado a formación do alumnado neste ámbito proveendo a infraestrutura técnica necesaria para levar a cabo a tarefa, promovendo a formación do profesorado nesta área e facilitando e impulsando os proxectos formativos e educativos asociados ao emprego das TIC, como ABALAR, E-Dixgal, e-Twinning emprego do correo corporativo dun xeito crecente nas comunicacións coas familias, administración e resto da comunidade educativa, uso de forma recorrente dos programas de xestión XADE, Meiga, XADE libros, etc.

5. Valores, principios e fins. Oferta específica

No centro ofértanse ensinanzas de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelatos e Ciclos Formativos.

En canto centro educativo a súa actividade educativa se orientará á consecución dos fines establecidos na lexislación e que se concretan nos seguintes puntos, segundo o nivel educativo e adecuado á oferta específica do centro:

5.1. Secundaria

Tal e como se indica no artigo 23 da LOE, a educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e, se a houber, na lingua cooficial da Comunidade Autónoma, textos e mensaxes complexos, e iniciarse en e coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.

k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.

l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

5.2. Bacharelato

Seguindo o artigo 33 da LOE a impartición do bacharelato no IES Nosa Señora dos Ollos Grandes contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.

b) Consolidar unha madurez persoal e social que lles permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como escrita, a lingua castelá e, no seu caso, a lingua cooficial da súa Comunidade Autónoma.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e a comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e mellora da súa contorna social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

j) Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente.

k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

5.3. Ciclos formativos

No referente aos ciclos formativos, o artigo 40 da LOE establece que a Formación Profesional contribuirá a que o alumnado consiga os resultados de aprendizaxe que lle permitan:

a) Desenvolver as competencias propias de cada título de formación profesional.

b) Comprender a organización e as características do sector produtivo correspondente, así como os mecanismos de inserción profesional.

c) Coñecer a lexislación laboral e os dereitos e obrigacións que se derivan das relacións laborais.

d) Aprender por si mesmos e traballar en equipo, así como formarse na prevención de conflitos e na resolución pacífica dos mesmos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, con especial atención á prevención da violencia de xénero.

e) Fomentar a igualdade efectiva de oportunidades entre homes e mulleres, así como das persoas con discapacidade, para acceder a unha formación que permita todo tipo de opcións profesionais e o exercicio das mesmas.

f) Traballar en condicións de seguridade e saúde, así como previr os posibles riscos derivados do traballo.

g) Desenvolver unha identidade profesional motivadora de futuras aprendizaxes e adaptacións á evolución dos procesos produtivos e ao cambio social.

h) Afianzar o espírito emprendedor para o desempeño de actividades e iniciativas empresariais.

i) Preparar ao alumnado para a súa progresión no sistema educativo.

j) Coñecer e previr os riscos ambientais.

6 Prioridades

Desde o marco da Constitución Española, no seu artigo 27 e das sucesivas leis educativas, o centro fai seus os principios da actividade educativa recollidos no artigo segundo da LO 8/1985, Xeral de Educación:

- a) O pleno desenvolvemento da personalidade do alumno.
- b) A formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, da igualdade entre homes e mulleres e no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia.
- c) A adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, así como de coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e estéticos.
- d) A capacitación para o exercicio de actividades profesionais.
- e) A formación no respecto da pluralidade lingüística e cultural de España.
- f) A preparación para participar activamente na vida social e cultural.
- g) A formación para a paz, a cooperación e a solidariedade entre os pobos e para a prevención de conflitos e para a resolución pacífica dos mesmos e non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.

ANEXO I - Artigos 17, 18 e 19 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade

Artigo 17. O currículo regulador do sistema educativo.

1. A Xunta de Galicia adoptará, dentro das súas competencias, as medidas conducentes a proporcionar, tanto ás mulleres como aos homes, unha educación para a igualdade. Para estes efectos, o currículo regulador da práctica docente de cada un dos niveis, etapas, ciclos, graos e modalidades do sistema educativo adaptaráse ás seguintes especificacións relativas a obxectivos, contidos, metodoloxía e criterios de avaliación:

- a) A comprensión do valor constitucional da igualdade entre ambos os sexos como obxectivo de especial atención, sen que, en ningún caso, admítanse contidos, metodoloxía ou criterios de avaliación transmisores, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida.
- b) O enriquecemento do contido curricular coas contribucións ao coñecemento humano realizadas polas mulleres no pasado e no presente, e co adecuado reflexo do papel das mulleres na evolución histórica.
- c) A adquisición, en alumnos e alumnas, dos coñecementos e actitudes necesarias que lles permitan, cando alcancen a madurez, atender ás súas propias necesidades domésticas e aos labores familiares compartidos, inclusive as cargas parentais e a atención de familiares que, por dependencia, necesiten a asistencia doutras persoas, mulleres ou homes.
- d) O fomento das vocacións femininas naquelas áreas en que se atopen infrarrepresentadas as mulleres e o fomento das vocacións masculinas naquelas áreas en que se atopen infrarrepresentados os homes, buscando evitar as decisións profesionais derivadas de prexuizos.
- e) A garantía da coeducación na Comunidade Autónoma de Galicia dentro das súas competencias propias.

2. A Xunta de Galicia incluírá nos programas de formación do profesorado, como materia específica, a igualdade e a violencia de xénero.

Artigo 18. Erradicación de prexuízos nos centros docentes.

1. Non se admitirán, no centro docente, as desigualdades entre alumnos e alumnas sustentadas en crenzas, prexuízos, tradicións ou prácticas consuetudinarias transmisoras, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida.

2. De forma directa, as docentes e os docentes non permitirán ningunha forma de machismo e de misoxinia que puidese existir no seo da comunidade escolar e, en particular, entre nenos e nenas e adolescentes, aplicarán activamente principios pedagóxicos de respecto á identidade e á imaxe das mulleres.

Con tales efectos, nos regulamentos internos dos centros educativos, haberanse de explicitar as medidas de corrección ou sanción de comportamentos sexistas.

Artigo 19. Integración da igualdade na formación profesional.

En desenvolvemento das súas competencias sobre deseño dos contidos dos títulos de formación profesional, autorización, xestión e homologación dos centros formativos, programación e execución de actuacións concretas, información e orientación profesional, avaliación da calidade e cantas outras poida asumir no marco da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, a Xunta de Galicia favorecerá a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes mediante actuacións tendentes a evitar calquera tipo de discriminación, a eliminar a segregación profesional horizontal e vertical e a eliminar a totalidade das desvantaxes de partida que afecten o colectivo das mulleres.